

**Acta da reunión ordinaria da Comisión Permanente FFT, que ten lugar o 6 de outubro de 2016, na aula B14, ás 12:30 en primeira convocatoria, e 13:00 horas en segunda**

**Asistentes:**

*Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz

*Sector (A) Profesorado*

Montero Domínguez, Xoán  
Montero Reguera, José  
Seoane Posse, Elena

*Sector (B) Profesorado*

Ferreiro Vázquez, Óscar

*Sector (D) P.A.S.*

*Sector (C) Estudiantes*

Víctor Barbosa Losada  
Fernández Casanova, Alicia  
García Fonte, Nuria

*Desculpas e ausencias xustificadas*

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Figueroa Dorrego, Jorge  
Sánchez Trigo, Elena

Comeza a sesión ás 13:07h en segunda, na Sala de Xuntas da FFT coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

**1. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores (12/5/2016 e 15/7/2016)**

Apróbanse por asentimento.

**2. Informe do decano**

O decano informa sobre os seguintes puntos:

- a. Datos de matrícula: LE e TI cubren cumpridamente a súa oferta de prazas, aínda que hai algunha praza na combinación francés-galego. No GCLEL hai unha matrícula de 24.
- b. Problemas coas vinculacións das materias de portugués entre graos. Un grupo de estudantes de Tradución e Interpretación non estaban a recibir clases por diverxencias de nivel. A solución está en marcha e consiste en aumentar un grupo.
- c. Plan de internacionalización. A reitoría publicou a finais de xullo unha convocatoria na que, entre outros obxectivos, prevense axudas para poñer en marcha programas de recoñecemento mutuo de créditos. O equipo decanal está traballando en abrir unha colaboración coa Universidade do Porto e tal vez algunha outra de Portugal, e mesmo algunha universidade de China. Esta iniciativa vese complementada con outra de dixitalización de contidos pedagóxicos para fomentar a semipresencialidade.
- d. Renovación das comisións delegadas de XF. Vaise levar á Xunta de Facultade unha proposta para prorrogar as comisións, que foron elixidas en marzo, salvo nos casos de vacantes ou

representantes do estudantado que marcharon de Erasmus.

- e. Protocolo de actuación cara ao alumnado con necesidades especiais. O profesor José Montero é o delegado na FFT para atender este colectivo, en colaboración co gabinete psicopedagóxico.
- f. A nova web está a piques de comezar a funcionar.
- g. Pequenos problemas de infraestruturas no comedor e na cociña.
- h. Actos de graduación. O equipo decanal está a pensar nun cambio de modelo, para facer un único acto, co obxectivo de darlle máis visibilidade.

**3. Aprobación, se proceder, da III Edición do Curso Complementario “Ferramentas da tradución profesional”**

Preséntase a proposta do profesor Ferreiro, quen a continuación responde ás dúbidas das profesoras del Pozo e Seoane en relación aos contidos e número de alumnado previsto. Tamén comenta un problema coas licencias informáticas que se requiren. Apróbase por asentimento.

**4. Aprobación, se proceder, da memoria final do curso de posgrao *Especialista en dobraxe* (II edición)**

O profesor Xoán Montero explica que a parte do orzamento destinada a pagar o profesorado experimentou unha redución importante. Apróbase por asentimento.

**5. Rolda aberta de intervencións**

Non hai intervencións.

Remata a sesión ás 13:43 horas.

Vigo, 6 de outubro de 2016

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

María del Carmen Cabeza Pereiro

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFI*, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Comisión Permanente celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

A Secretaria da Facultade

María del Carmen Cabeza Pereiro